

# A.E.G.

ASOCIACIÓN DE ESTUDANTES POR GALIZA


## Antroido 1986

CARTAS A  
DIRECCION

ENTREVISTAMOS  
A "DRAGÓN PETA"

MILI KK





Graciñas !  
Rapás, estás lendo a primeira revista dunha asociación que está a nacer. Estás lendo unha revista que quere ser de tódo-los alumnos do I.E.M. de Mugardos e que queremos que non sexa o típico coñazo de revista á que estamos acostumados con Viravolta, á que, persoalmente, gárdo-lle un bo recordo.

Tras distas dezaseis páxinas hai un traballo que te cagas, pero visto o resultado coidamos que mereceu a pena e pensamos continuar con estas tarefas por moito tempo. E que rabeen os repunantes !

Tentamos tamén facer disto algo divertido, sen if de piratas tampouco, pero que non quede por ahí zapateada logo de dous días e que en ningún caso pareza unha revista pra purriñes. Ademais, se tes algunha idea orixinal que nos veña safa pois non dubides en virno-la contar.

Eueno, pois ale, a pasar un bo rato lendo, que inda que é algo cutre (non che hai cartos, sabes?) pois eu ccido que está bastante safa.

Até o vindeiro número.

A Asociación de Estudantes por Galiza está formada por :  
Mákina, Joaquín, Potro, Jipi, Martita, Begoña, Kampos, David, Fran, Simón, Antía, Bernardo, Jessica, Anabel, Fon, César, Lidia, Pipo, Sabela, Sara V., Pablo V., Xulia, Yosi, Sara M., Abelardo, Carmen, Figo, Carlota, Job, Gloria e os que se apunten...

Os socios desta Asociación pagan vinte pesos ao mes (oito meses cada curso) aparte doutros vinte cando se dan de alta.

Graciñas a :  
Biblioteca Municipal de Mugardos, Seminario de Lingua Galega, Seminario de Deseño, Taller de Estadística, Dirección do Instituto, Xan Carneiro (profesor de Historia), Cristina e Alicia Pena (polos dous pesos desinteresados prá fotocopia da portada de "Avante Toda" dos Diplomáticos).

#### SUMARIO

EDITORIAL	2
DECLARACIONES	3
- Manipulación	
- Homo Politicus	
- Resultados do curso 94-95	
NATUREZA	6
- Contaminación da auga	
CARTAS A DIRECCION	7
CONCURSO AEG DE CARTEIS	8
MILI KK	10
- Carta de M.A. Abraira	
DEPORTES	11
- Galiza Calidade	
- Clube Ealonmán Mugardos	
MUSICA	12
- C Rock Galego	
- Entrevista a Dragón Feta	
LIBROS E CINE	14
HUMOR	15



Neste primeiro número da AEG obtivemos a colaboración do "Taller de Estadística" do Instituto, que realizou uns estudos sobre as nosas notas; e un traballo do profesor de Historia Xan Carneiro que nos explica de que vai a movida da política. Pra rematar, Antía acadou información da censura franquista nas páxinas de Mocidade (Galiza Nova).

### MANIPULAZÓN:

Arte e política están indisolúvelmente vencelladas en Castelao; a súa actividade foi tan perigosa pra o oficialismo como necesaria pra nosa defensa. Por iso, dá-se en Castelao o fenómeno do contínuo silenciamento e parcialización da súa complexa e completa realidade.

Eis unha ilustrativa orde da "Dirección General de Prensa" sobre a morte de Castelao en 1950.

"Habiendo fallecido en Buenos Aires el político republicano y separatista gallego Alfonso Rodríguez Castelao se advierte lo siguiente: la noticia de su muerte se dará en páginas interiores y a una columna. Caso de insertar fotografía, ésta no deberá ser de ningún acto político. Se elogiarán únicamente del fallecido sus características de humorista, literato y caricaturista. Se podrá destacar su personalidad política siempre y cuando se mencione que aquella fue errada y que se espera de la misericordia de dios el perdón de sus pecados. De su actividad literaria y artística no se hará mención alguna del libro "Sempre en Galiza" ni de los álbumes de dibujos de la guerra civil. Cualquier omisión de estas instrucciones dará lugar al correspondiente expediente."

(A Nosa Terra. Extra 5/6, p.17)

Após súa morte houvo gran interese pola súa obra, mais era coarctado e censurado. Entre os censores topamos un Ministro de Gobernación "un tal Manuel Fraga Iribarne", que hoxe anda a dicir que é galeguista, que Castelao estaría no PP, por iso reparte as medallas Castelao aos do seu partido...

Cs termos políticos "esquerda" e "dereita" teñen a súa orixe nos sucesivos parlamentos que xurden en Francia como consecuencia da Revolución de 1789. Cs deputados que eran partidarios das reformas máis estrictas e rápidas, respondendo aos desexos do Povo, sentáronse nos bancos da parte alta e do lado esquerdo da Cámara. Mentras, os representantes máis moderados e defensores dos dereitos e privilexios da Burguesía sentáronse no lado dereito. En medio deles, outro grupo de deputados definíase por unha ou outra tendencia segundo a súa conveniencia.

Ao longo do século XIX os distintos países europeos van formando os seus Parlamentos nacionais e van xurdindo variados partidos políticos que asimilan as ideoloxías e teorías políticas tan en boga na Europa decimonónica.

As posturas políticas van extremándose entre partidos de esquerda e partidos de dereita, nacemento partidos de centro que combinan as ideoloxías duns e doutros.

Os partidos de esquerda influídos polas ideas do Marxismo collen a bandeira da defensa da nova clase social que xorde como consecuencia da Revolución Industrial: o Proletariado, e son partidarios de face-la Revolución pra que esta nova clase social, que é o motor da nova sociedade industrializada, colla as cotas de poder que, segundo estes partidos, lle correspón,

A Burguesía, no poder, agrúpase en partidos de dereita ou conservadores pra contrarrestar aos revolucionarios de esquerda.



CASTELAO: SEMPRE POR GALIZA  
"SENDO GALEGO NON DEEO SER MÁIS QUE  
GALEGUISTA"

En España o panorama é similar ao europeo na segunda metade do século XIX e principios do XX. Os partidos de dereita van defender os intereses da Burguesía e dos propietarios agrícolas, perpetuando o Caciquismo no campo e contando cun forte aliado: a Igrexa.

Os partidos de esquerda, menos fortes, acollen posturas extremas e optan pola vía revolucionaria pra conquistar os seus obxetivos de igualdade de dereitos pra todo-os cidadans.

Nos anos 20 deste século aparecen en Europa movementos fascistas que anulan aos partidos políticos e chegan ao poder coa axuda dos militares. No outro extremo prodúcese revolucións proleterias que van desembocar en férreas ditaduras.

Paralelamente, en España os partidos de dereitas, que están no poder, son incapaces de acoller un mínimo de reformas sociais e como consecuencia, as revoltas populares son frecuentes, dando lugar a solucións extremas de forza como son os golpes de estado protagonizados por militares: Primo de Rivera (1923).

A II República Española (1931-1936) remata coa ditadura e promulga unha serie de leis que tentan aliviar a cativa situación dos obreiros e campesiños. Estas medidas non son ben acollidas polos terratenentes e empresarios e outros poderes fácticos como a Igrexa. Os distintos partidos políticos vanse agrupando en bloques extremos e irreconciliables de cara ás eleccións de 1936.

Os partidos de esquerda forman o Frente Popular e os de dereita están encabezados pola CEDA (Confederación Española de Derechas Autónomas).

O Frente Popular está formado polo PSCE, PCE, UGT, Juventudes Socialistas, Partido Galeguista e Unión Republicana, entre outros. O seu programa pedía: Amnistía xeral para os presos políticos, Reforma Agraria, Estatutos de Autonomía, derogación da Lei de Arrendamentos, Democratización da Universidade...


A coalición de dereitas está formada pola CEDA, partidos monárquicos, tradicionalistas e católicos. O seu programa aboga por mante-la orde pública e social e loitar "contra la revolución y sus cómplices". Falange (partido de corte fascista) non se une á coalición de dereitas porque non lle ofrecían suficiente número de candidaturas.

A victoria do Frente Popular foi clara, pero algúns militares apoiados polos partidos de dereitas e a Falange non aceptan os resultados provocando un golpe de estado e o que será unha cruenta guerra civil de tres anos e a posterior dictadura franquista.

A restauración democrática e a Constitución de 1978 devolven a España á esfera dos países da Europa Occidental, que trae como resultado unha serie de partidos menos extremistas e con programas similares en moitos casos.

Esta atitude de fuxir dos extremos meniféstase actualmente nos partidos predominantes no panorama español: PSCE e PP, ámbolos dous téñense definido como de centro esquerda e centro dereita, respectivamente. Curo grupo a nivel estatal é I.U., coalición liderada polo PCE, que representa os intereses á esquerda do PSCE.

Xan Carneiro (prof. Historia)




Velaquí o traballo que nos presentan os alumnos do recentemente creado Taller de Estatística do Instituto.

Tedes diante vosa os resultados académicos do curso pasado estudados por estes rapaces aos cais, dende estas páxinas damos-lle-las gracias pola súa colaboración.


	APROBAN CURSO	PASAN CON 1 OU 2	REPITEN	TOTAIS
1º BUP	60 (57,7%)	26 (25%)	18 (17,3%)	104
2º BUP	50 (43,9%)	43 (37,7%)	21 (18,4%)	114
3º BUP	33 (33,7%)	25 (25,5%)	40 (40,8%)	98
COU	56 (49,6%)	6 (5,31%)	51 (45,13%)	113
	199 (46,39%)	100 (23,31%)	130 (30,3%)	429

## RESULTADOS GLOBAIS


CURSO 94-95. I.B. MUGARDOS



## RESULTADOS DO I.B. MUGARDOS



Varios alumno/as do centro traballamos este curso no recentemente creado no Instituto *taller de Estatística*. Pretendemos mostrar aspectos da realidade utilizando as ferramentas estadísticas que están ó noso alcance.





# NATUREZA

A.E.G. - Data:

## A IMPORTANCIA DA AUGA

O home pode vivir sen alimento ata vinte/trinta días, mentres que sen auga sobreviviría como moito tres/catro días. Polo tanto, é evidente que a auga ten unha importancia enorme para a nosa supervivencia e a da natureza en xeral.

## ¿ CALES SON OS DANOS QUE O HOME MODERNO LLE CAUSA Á AUGA ?

O home danou de varias maneiras as súas reservas de auga:

- Cambiou de cor, antes azul celeste, facendo que volva castaña lamaquentada como podemos constatar en moitos ríos ou lagos.

- De forma involuntaria ou a propósito descargou millóns de toneladas nela.

- Encheuna de escuma con descargas incontroladas de deterxente. Os fosfatos contidos nos deterxentes favorecen e aceleran o crecemento de algas e outras plantas acuáticas de tal maneira que os lagos poden chegar a transformarse en grotos con auga avolta e fedenta.


- O home contaminou a auga cos refugallos químicos e os restoballos do petróleo. Verteu de todo nos lagos, os ríos e os grotos, dende latas e botellas, mesmo restos de automóbiles.

- Os restoballos líquidos que proceden das industrias e das casas son vertidos nos ríos, lagos e mar, envelenando a auga.

- As partículas producidas

polas explosións nucleares, non só envelenaron o aire e o chan, senón tamén a auga.

- Os pesticidas empregados nos xardíns e nos campos cultivados poden chegar ata a capa freática contribuíndo ó seu envelenamento.



TERRA

## ¡ QUE PODEDES FACER VOS !

- Asegurádevos de que o deterxente que usan na vosa casa ten un alto contido en fosfatos ou que careza deles por completo.

- Non tiréde-la auga no inodoro se non é necesario ( ¡É case un acto criminal que cometen moitas persoas que para tirar un anaco de papel, ou unha cabicha de cigarro, malgasten case 8 litros de auga! ) Non tiredes tampouco papel, cigarros, bolsiñas de plástico, graxas, disolventes, medicinas e outros produtos químicos no inodoro (ou polo lavabo). Estas substancias reducen considerablemente o funcionamento do sistema de sumidoiro da vosa cidade.

- Cando cambiéde-lo aceite do coche, á motocicleta, etc. Asegurádevos de que non se verta nin sequera unha gota.

- Se tes lavavaixelas non o utilices a menos que estea cheo, cada lavado consume 40l. de auga, e ademais o deterxente que se usa soe conter fosfatos. (modera a dose).

Oscar Pérez

# CARTAS Á DIRECCIÓN

A.E.G. - Data:

Teslle algo que dicir a Alfredo?, a Luisa?...non?, pois, home, a algún profesor repunante, que sempre os hai. Se é o teu caso xa sabes que a revista "AEG" ten un sitio onde poñe-la tua opinión.

Por certo: cartas sí, pero ningunha de amor, de acordo reparigas?

3<sup>a</sup>A vai, 3<sup>a</sup>B vai, CCU1 vai, CCU2 tamén e CCU3 e 4 queda en lista de espera. Deste xeito tan pouco diplomático fomos excluídos un grupo de seis alumnos pola profesora de Inglés. Semella que a igualdade de oportunidades non deixou máis que un mínimo ronsel que se esvaece neste Centro, gracias aos prexuízos dunha mestra, ao menos baixo o meu criterio e o do resto dos meus compañeiros que pretendimos inocentemente participar no intercambio pra acoller a un grupo de dinamarqueses nas nosas casas. Pero... Csados de nós! Aparvados quedámonos cando na primeira reunión que se celebrou, a subsodita profesora explicounos os detalles do intercambio e cunha actitude pouco común, eu diría á defensiva, engadiu moi explícitamente que aquel non ía ser un intercambio aberto a tódolos estudantes, senón que se ía a escoller a participación dos mesmos baixo uns dubidosos criterios, ao meu parecer.

Rematou dicindo que os alumnos de 3<sup>a</sup> tiñan preferencia sobre os de CCU e que non estaba disposta a quedar mal coma en experiencias anteriores.

Crabén, Baixo qué criterios se escolleu á xente? Ninguén o sabe, so podemos intuílo, pero o que sí sabemos é que aínda que non esté cuberto o número de prazas, nos permanecemos nunha lista de espera, se coma no INEM, e so seremos aceptados coma último recurso se é que ninguén se decide a aceptalas suxerencias e convencementos aos que son sometidos os alumnos doutras clases, esencialmente os amigos dalgúns participantes. E iso foi o que aconteceu, recentemente avisóusenos de novo pra participar, dicindo que contaban connosco dende o comenzo, pero tómore a liberdade de poñelo en dúbida.

A verdade sexa dita: nos non somos alumnos modelo, o noso inglés de certo que queda á altura dos nocellos do inglés dos dinamarqueses ou quizais non sexamos do agrado da profesora, pero con qué dereito somos enxuiciados?

O certo é que agora non nos apetece ir. Ao mellor é que non nos gusta que nos discriminen deste xeito ou tan só prefiramos non ser un segundo prato.

*Patricia Blanco*

Estou na última fila e alí estase ben, un pode desentenderse das cousas que non lle interesan e ver dende atrás o que os outros fan por distraerse, tense unha maior perspectiva. Da tempo pra pensar. ¿Por qué as aulas parécense tanto ás saás dun hospital?, ¿por qué os números son tan disciplinados?, ¿por qué os séculos están cheos de reises déspotas e cruéis?, ¿qué é o que ninguén ve ao lonxe?, ¿quén trae esa mosca que sempre se cola na clase e que nos recorda que o profe tamén é vulnerable?, ¿por qué a choiva é infinita?, ¿a quen lle gusta o son amariconado da nova sirea?, ¿quén pecha as portas?, ¿qué ecuación sería capaz de desbloquear os circuitos da preguiza?, ¿cal é a mezcla perfecta -esa que faría que todo saltase polos aires?, ¿Quén demo manda aquí?.

*Dionisio J.*


GAÑADOR DO CONCURSO A.E.G.

— JOB SÁNCHEZ —

Antroido 96








I CONCURSO A.E.G.  
"GALIZA NACIÓN"  
2º PREMIO:  
CÉSAR PENA

ENTROÍDO ?





A.E.G. - Data:

Miguel Anxo Abreira é insubmiso e militante de Galiza Nova (mocidades do BNG), e é un dos presos que o estado criminal hespañol prende por se negar a servir a un exército asasiño. Dende o seu cárcere escribiu esta carta.

Amigos e amigas, deixade-me que vos saude e agradeza a vosa solidariedade nun intre da miña vida no cal teño o corazón ferido de indignación contra unha xustiza española que me castiga coa privación de liberdade por ter como eixo fundamental da miña vida a conciencia, ideoloxía e dignidade.

Si, certamente, eu negueime a realizar a Prestación Social Substitutoria (PSS) e fixen-me insubmiso ao exército español por conciencia, ideoloxía e dignidade.

Por conciencia, xa que non creo que as persoas teñamos que rendir culto nen ás armas nen a nengun tipo de secta ou organización que basee a súa propia existencia en preparar-se para aldraxar, roubar e asasinar.

Por ideoloxía, xa que o nacionalismo galego é fondamente democrático e polo tanto ten dereito a expresarse e a obrar dentro dos principios de democracia real sen ser reprimido.

Eu, como nacionalista galego, non podo rendir pleitesía ao exército español, xa que o considero un exército invasor que ten como principio fundamental en Galiza reprimir o principal dereito democrático de calquer pobo como é rexir o seu propio destino, é dicir, o dereito de autodeterminación.

Por dignidade, xa que como bendición ao principio as persoas diferencian-se dos animais, principalmente, na existencia de conciencia e ideoloxía. E deixar

que che pisen os dereitos ou te castiguen por pensar dun xeito distinto ao establecido polo poder é roubar-che a dignidade, é dicir, matar-te como persoa.

Pero sen dúbida nestes intres, á marxe de te-lo corazón cheo de indignación, tamén o teño cheo de esperanza xa que son motivos os apoios que recibo e ademais o feito de que hoxe vós estexades aquí deixa-me claro que a miña actitude non é esteril senón que vai contribuir para que as vindeiras xeracións acaden un mundo de verdadeira democracia e coa liberdade que nós tanto desexamos.

Compañeiros e compañeiras, coa esperanza de estar na rua dentro de moi pouco dicir-vos que a miña postura non mudou e que sigo manifestando publicamente a miña insubmisión ao exército español e ao xefe das forzas armadas españolas.



Viva pois a democracia real e a liberdade de Galiza e de todos os povos asoballados.  
Saudos e apertas.

Miguel Anxo Abreira.

César

# DEPORTES

A.E.G. - Data:



Algo se move en Caliza que racha moldes, algo ten esta terra que engaiola... Galego? Non! Jallejo.

Atopámo-nos fronte a unha fornada de equipos galegos que levan ben alta a bandeira da nación. Xogadores tan arroutados coma Fran, Quico ou o mesmo Nacho, do Compostela, que négase a ir a unha selección de xogadores españois... Poderoso!

Pero agardade aos novos valores da nosa canteira, que este ano con J.E. imos ter xuventude pra rato. Ahí está o inigualábel Viqueira. Emilio, que bon eres home! E máis David, todo un trasno do fútbol...o máis pequeno, pero que agocha un grande tesouro.

Un fútbol enxebre pra nosa terra milagreira, bailando a samba do Brasil con Beбето, Mauro e Donato, privando viño do Ribeiro, Estrela Calicia e facendo mosh...Tremendo!

Rapaces, unídevos e jañemo-la Recopa. Que se fodañ eses do Farma!

Ah! Un saúdo pra os Riazor blues, Pedreira Greens e Arruxa Toys.



Estas rapazas do Clube de Balonmán de Mugardos sonche unhas máquinas. Este ano sí que se pasearon pola liguiña previa aos Campionatos Galegos.

Xa dende o primeiro partido demostraron que na bisbarra non hai quen lles tusa e pegáronlle unha pasada tanto ás eumesas do Firrete como ás de Cambre.

No balonmán feminino, neste caso o da categoría xuvenil, existen unha serie de fases até acadalo Campionato que as fai mellores xogadoras de Galiza.

Primeiro teñen que pasar unha liguiña entre moi poucos equipos (non hai moito fomento deste deporte) e se conseguen quedar as primeiras xa é cando disputan o torneo a nivel galego. As de Fili impuxéronse con tal claridade nesta fase previa de clasificación que quedaron campioñas antes mesmo de rematala mini-liga, gañando tódolos partidos xogados.

	X	G	E	F	CF	GC	Fn
1. Mugardos	4	4	0	0	64	41	8
2. Fontedeume	4	2	0	2	57	55	4
3. Cambre	4	0	0	4	45	70	0

De alucine! O balonmán mugardés pega forte país adiante e todo Gracias a Fili e ás xogadoras María, Patricia, Fernanda, Xoana, Mercedes, Antía, Carolina, Egoña, Cristina, Sandra e as que se apuntan...

César



Galiza conta cunha mancha de grupos que comezan a dar guerra por case tódalas vilas e cidades, e fan-no porque queren rachar coas consciéncias colonizadas cunha mensaxe clara e directa.

## O ROCK GALEGO NACE PRA DAR RESPOTA

É difícil comezar a falar de rock galego, xa que nun país onde a súa lingua non está normalizada, encontrar grupos que canten na lingua de seu non é tan doado como quixésemos.

Se agora é chungo, máis o era a finais dos 70 e principios dos 80, onde se comeza a escoitar por vez primeira a algún grupo de rock cantar en galego, aínda que non en tódalas cancións. Falamos de grupos como "Goma 2" ou "Rádio Océano", que con cancións como "Terra Chá" deixaron fonda pegada no rock do país.

A inicios dos 80, Vigo convértese no centro musical da Galiza có que se dába en chamar "movida viguesa"; cun único grupo, capitaneado por Reixa, que cantaba en galego: "Os Resentidos".

Nos 90, a movida musical do país volvéu-se un chisco máis enxebre e pasou ás pequenas vilas e aldeas que serán o berce dos potenter grupos bravos e arroutados que hoxe están a actuar por tódolos recunchos do país. No médio do olor a birra, có ruído de fondo da muxidora e currando en cortes reformadas prá ocasión nace o cada vez máis poderoso rock bravú, pra dar moita tralla cunha música moi jевичeira, e cantando en galego.

Os "Diplomáticos de Montealto" comezarán dando caña coa súa "Arroutada I", iniciando o que hoxe se coñece como música bravú. Os grupos que continuaron esta arroutada foron, entre outros, "Os Rastreiros" de Chantada, "Os Túzaros", "Os Herdeiros da Crus", "Os Bochechiñas", "Os Skornaboís" de Lourenzá, "Yellow Pixoliñas" e "Ellood Filloas" de Fene; que pasean a súa música por todo o país galego deixando un claro sentimento nacionalista:

"Os Skornaboís" expresan unha enorme carraxe cara todo o que significa a verba Hespaña.

"Os Rastreiros" súman-se ao camiño reivindicativo nas súas cancións denunciando a jiñosa situación de explotación na que se atopa o agro galego.

"Os Túzaros" denuncian a política caciquil levada polo goberno Fraga en tódolos seus anos de repunante mandato en temas como "Filhos de puta".



Así que, despois disto, sabemos que aos grupos da terra só lles queda a alternativa de seguer coa teima reivindicativa, e pasar de enzamparse co castellano cantando só na súa propia lingua: o galego.

*Antía e Simón.*

Na primaveira do 1995, durante as clases de Física de Isabel, catro colegas decidiron facer realidade o que sería o grupo "Dragón Peta", que estaría formado por Yosi (guitarra), César (baixo), Meetball (bataca), e Pereira (voz), o que máis tarde desaparecería da formación en vista da súa poderosa voz.

Por aquel entón non tiñan nin instrumentos, e o seu primeiro ensaio fora nun semisótano dunha kelli que gardaba o Rata. Despois, o grupo instalouse no garaxe da abuela de Yosi, e foi daquela cando entrou Piruco no grupo, aportando a primeira guitarra eléctrica de "Dragón Peta".

Nese verán chegou o Pulpo, que non tardou en converter-se no quinto compoñente do grupo e no segundo posuidor dunha guitarra de verdade. Entón trasladáron-se ao kelli de Piruco, onde comezou a tomar peso a idea dun grupo semi-punk, semi-heavy, con dúas guitarras eléctricas e unha bataca sen bombo.

Na actualidade contan xa con tres guitarras eléctricas, pero aínda están a agardar polo baixo de César e polo bombo de Meetball.

De todo-los xeitos, podemos considerar a "Dragón Peta" como aos precursores do Rock Pulpeiro.

#### ENTREVISTA A "DRAGÓN PETA":

-¿Por que "Dragón Peta"?

Porque Songoku é o noso ídolo, e xurdiu o nome de "Dragón Peta" no lugar de "Dragón Zeta" pra dar-lle un tono máis punki.

-¿Como vos decidistes a cantar en galego?

Por César, que é o nacionalista do grupo.

-¿En que estades a traballar nestes momentos?

Aínda estamos traballando cos nosos primeiros temas como "A pava aresana" e "Heidi"

-Teño entendido que tedes boas relacións de traballo con grandes músicos como Simón García, Rata... ¿Que creedes que opinan do grupo?

Penso (dí Yosi) que non todo-los nosos temas son do seu gusto, pero si hai algún tema que lles mola, como os xa mencionados anteriormente. Aínda así recibimos un gran apoio moral deles.

-¿En que se inspiran as vosas letras?

Nas chumadas dos sábados e nos domingos no "Picas", entre outras cousas

-¿Que opinión tedes de outras bandas de rock que andan a tocar por ahí?

Que hai moita piratada.

-¿Ides facer algunha xira no 96 ou vamos ter que agardar máis tempo pra ver-vos en directo?

Primeiro iremos a Roma e Berlín, e de volta temos previsto un concerto na Pedreira.

-¿Cales son os vosos plans de futuro?

Primeiro faremos unha xira europea e logo unha xira asiática. Despois daremos un concerto en Sidney e de volta tocaremos no instituto, pra rematar apoteósicamente.

-¿Cando coño pensa comprar César o baixo?

-Nunca-dí Yosi

-Cando se publique a revista xa estará comprado-resposta César

-¿E o bombo de Meetball?

Non sabe/non contesta

-¿Quen será o cantante definitivo?

Aínda non o sabemos.



**DRAGÓN PETA**



# LIBROS E CINE

A.E.G. - Data:



## UNHA BOLSA DE CANICAS

**Joseph Joffo**

Trad. X. Carlos Álvarez Quintero

A diferenza doutras narracións históricas, ten unha característica fundamental, que a achega ós xóvenes que non coñeceron a guerra e a posguerra: está narrada por un rapaz.

13,5 x 19. 256 páx. 1.370 pts. (4ª edición)



## CHARLIE E A FÁBRICA DE CHOCOLATE

**Roald Dahl**

Trad. Alberto Avendaño

A Charlie o que máis lle gustaba no mundo era o chocolate. E precisamente na fábrica de chocolate do Sr. Wonka vai vivir a máis extraordinaria aventura que xamais puido soñar.

13,5 x 19. 168 páx. 1.150 pts. (4ª edición)  
I.S.B.N.: 84-87126-04-9



## DA TERRA Á LÚA

**Jules Verne**

Trad. Valentín Arias

A fabulosa imaxinación do autor mete nun proxectil a tres tripulantes -Barbican, Nicholl e M. Ardane- impulsados por un canón xigante, dirixense cara á lúa, con cen anos de adianto sobre o satélite Vosjod I.

13,5 x 19. 232 páx. 1.120 pts.




## O PIRATA KERNOK

**Eugène Sue**

Trad. Carme Ruibal - Xosé Mª Lema

O autor conta a historia real dun pirata, fuxindo das artificiais idealizacións que destes personaxes fixeran outros novelistas de épocas anteriores.

13,5 x 19. 112 páx. 900 pts.



## ARTUSA

**Lois Diéguez**

Artusa confundíuse coas augas do Pozo Mouro nun 25 de Xullo. Desde aquela, cada ano sae do seu centro coroada de ouro e canta unha cantiga que só entenderemos se coñecemos-la súa historia.

13,5 x 19. 128 páx. 1.050 pts.

- "A illa das cabezas cortadas".  
Película de piratas con tódolos recursos deste xénero clásico. O maior cambio é que o heroe é unha muller (Geena Davis) á que acompañña Matthe Modine. Geena ten que reconstruír un mapa pra atopar un tesouro agochado polo seu pai. Como curiosidade: é a segunda película máis cara da historia.

- "Ninguén falará nosa cando morramos".

A triunfadora dos últimos Goya conqruerindo oito estatuiñas, entre elas á millor película, millor actriz, e reparto (Vitoria Abril e Pilar Bardem), millor director novel (Agustín Díaz Yanes). Tachada coma moi violenta, a acción transcórrese nos barrios populares de Madrid onde Vitoria Abril, unha alcohólica, vese envolta nun roubo.

- "O sal da vida".

O debut coma atriz da venezolana (e cachonda) Ivonne Reyes que comparte cartel con Patxi Andión que encarna a un viuvo con tres fillos, para o que traballa con Ivonne. Comedia familiar que segue o tema trillado de viuvo con tres fillos.

- "A rede".

Un filme onde a protagonista é Sandra Bullock no papel dunha enxeñeira informática que se ve envolta nunha conspiración dun grupo de terroristas informáticos pra controlar toda-la información que conteñen os ordenadores.

Eu recoméndoa para os forofos dor ordenatas. Se tivera que definila diría que é divertida.

Ben, estas son as pelis que hai en cartel, pero neste mes chegarán outras máis importantes:

- "Seven". Un thriller do milloriño. Con David Fincher (de Alien 3) na dirección e Brad Pitt coma protagonista.

- "Mentes perigosas". Con Michelle Pfeiffer, unha ex-marine metida a profesora de inglés.

No que respeta ao cine galego, non teño noticias de ningunha rodaxe, pero a Cuadrilla está a rodar a súa segunda película en Fisterra.


*Catopardo*

*César*



# HUMOR

A.E.G. - Data:



OS MANOS A DISTANCIA SON UNHA ESTAFA

SÍ, DE PRETO TAMÉN FUNCIONAN...

"B" -¿E ISO?... "B" -XA!

QUE CASUALIDADE A MIN TAMPOCO...

A MIN NON ME GUSTAN AS CELEBRACIÓNS

ISTO HAI QUE CELEBRALO... ¿CÍ FAN UNS QUINTOS??


JENJA!!

cala ESTOU DE CAMUFLAXE

Garmén

	1	2	3	4	5	6	7
A				■		■	
B							■
C		■		■			
D					■		
E				■			■
F			■			■	
G							■

- A. Asociación de Estudiantes por Galiza. Vocal. Cen en números romanos.
  - B. Mineral de sulfuro de Zinc.
  - C. Consoante. Primeira vocal. Reza.
  - D. Campo, terra de labor. Símbolo de Cesio.
  - E. Espida. Animal anfibio ou batracio.
  - F. Duas consoantes. Suxedade microscópica. Símbolo do Boro.
  - G. Relativo ao vento.
1. Amencer.
  2. Ironome persoal de terceira persoa. Arte marcial.
  3. Fenómeno fonético do idioma galego. Cincoenta en números romanos.
  4. Consoante. Vocal. 3'14159...
  5. Que se foi, acción de ir dun sitio pra outro. Ao revés, sustancia pra pintar.
  6. Especie de baúl. Vocal.
  7. Cen. 1 na baraxa. Símbolo do Loro.





MORTOS QVE

DENANTES

ES CRAVOS